



A HISTORIA DA FILOSOFÍA

Exercicios autoavaliables

1. Describe o concepto de Phisis tal e como o entenderon o presocráticos.
2. Qué tipo de arxé describen os pitagóricos?
3. Como entende a phisis Parménides ?
4. Os atomistas describen a realidade....
5. Que métodos ofrecen os sofistas para dar coa verdade?
6. Cal é a corrente filosófica de Platón?
7. Cal é a corrente filosófica de Aristóteles?
8. Onde di Epicuro que se atopa a fonte da felicidade?
9. Para os estoicos poderemos ser felices si...
10. Cal é o método empirista? Cales son as súas consecuencias?

Solucións

1. Describe o concepto de *Phisis* tal e coma o entenderon os presocráticos.

O concepto de phisis significa natureza, é o obxecto de estudo dos primeiros filósofos. A natureza a entendían coma cosmos pois a investigación racional esixe captar as regularidades da realidade a pesar do aparente caos captado a través dos sentidos...a razón permítenos ver que detrás hai unha orde xa que a natureza está determinada por unhas leis que debemos tentar coñecer para poder así comprender á realidade. Esas regularidades expresan a súa esencia ou eidos, esencia que ten unha orixe: o arxé. Si coñecemos ese arxé coñecerémola orixe da realidade, a súa esencia, a súa orde.

2. Que tipo de arxé describen o pitagóricos?

Os pitagóricos describen un arxé formal pois para eles a realidade, a phisis, ten unha estrutura matemática que podemos captar mediante a razón superando polo tanto os sentidos. Esas regularidades amosan unha harmonía subxacente que permite descubrir a musicalidade do cosmos..

3. Como entende a Phisis Parménides?

Para Parménides a realidade, o ser, é estático. Os sentidos nos enganar pois nos fan ver que todo cambia cando non é máis que pura aparencia, puro non-ser. “ O ser é, o non-ser, non-é” O ser é único, inmutable, imperecedeiro, eterno, perfecto, divino...o non-ser é impensable, indecible, intransitable.

4. Os atomistas describen a realidade...

A partir do átomo (a-tomo = sen partes), para eles os átomos son materiais e se moven de xeito mecánico no baleiro por azar, é dicir, sen razón ou intelixencia que xustifique tal movemento. Este xeito de comprensión da natureza influirá moitísimo na física do renacemento e modernidade.

5. Que métodos ofrecen os Sofistas para dar coa verdade?

Para os sofistas a retórica, erísticas a oratoria...son os métodos que poden permitir convencer da verdade. Para eles a verdade obxectiva non existe polo que para convivir deberemos crear as nosas verdades, leis, convencionalmente...de tal xeito que aquel que millor convenza ós demais terá maior poder ou éxito social. Esta é a razón deses métodos, pois ofrecen estratexias lingüísticas para crear “verdades” artificiais que permitan convencer ós demais. A verdade é convencional e é o lazo social polo que é un contrato social...

6. Cal é a corrente filosófica de Platón?

*O **idealismo realista** pois a auténtica realidade son as ideas que as describe coma Parménides entendeu ó Ser: únicas, inmutables, eternas, perfectas, divinas...Esta é a razón de que Platón desenrolase o seu dualismo ontolóxico, teoría que describe a realidade de xeito dual: o mundo intelixible e o mundo sensible.*

7. Cal é a corrente filosófica de Aristóteles? O **empirismo realista** pois para Aristóteles só existe unha realidade, a realidade física, nega polo tanto o dualismo ontolóxico do seu mestre Platón. A igual que Sócrates e Platón defende a existencia do universal pero para Aristóteles este é inherente á materia defendendo a teoría hilemórfica, a realidade é unha conxunción inseparable de materia e forma.



O empirismo realista pois para Aristóteles só existe unha realidade, a realidade física, nega polo tanto o dualismo ontolóxico do seu mestre Platón. (Curiosidade: Ammonio na súa obra A vida de Aristóteles di, referíndose a iso: “Amicus Plato sed magis veritas” que ven dicindo algo así coma “Platón é o meu amigo pero a verdade é mais querida”.

*A pesar disto, a igual que Sócrates e Platón Aristóteles defende o universal existente na “forma” ou esencia e alonxándose de Platón...a forma para el é **inherente** ás cousas por iso defende a teoría hilemórfica (a realidade é unha conxunción inseparable de materia e forma), para Platón é **transcendente**.*

8. Onde di Epicuro que se atopa a fonte da felicidade?

*Para Epicuro, coma hedonista racional, a felicidade atópase no cálculo racional do **placer**, evitando en todo o posible a **dor**, dicimos “cálculo” precisamente porque non todo placer é fonte de felicidade, só os praceres estáticos ou sereos coma a lectura ou a amizade. Para ser felices debemos fuxir da dor e escoller praceres racionais dosificando os praceres físicos pois son moi aditivos e farían de nos as súas vítimas. Debemos ser austeros cos praceres físicos disfrutando deles con moderación para poder ser libres e felices..*

9. Para os estoicos poderemos ser felices si...

*Logramos dominar a nosa parte irracional (emocións, sentimentos, prexuízos...) pois nos fan crer que podemos cambiar o destino cando este non depende de nos...o destino é o **logos universal** (razón de ser da realidade), o único que podemos facer é comprendelo mediante a razón para asumilo, niso consiste a nosa liberdade e felicidade: comprender o destino.*

10. Cal é o método empirista?

*Para o empirismo a nosa mente é un papel en branco que se enche cos datos da experiencia: empeiría. O método empirista é a **indución** e trae coma consecuencia o **escepticismo** pois si a orixe do coñecemento é a experiencia particular e si a nosa mente está en branco o universal non existe, é froito da imaxinación. Si o universal non existe non existen as leis que rixen a realidade natural (escepticismo) ou polo menos non as podemos coñecer (agnosticismo). O escepticismo afirma a imposibilidade de dar coa verdade, si o escepticismo é moderado acepta certa probabilidade pero nunca a total certeza.*